

EPÍLOGO

José Ángel Fernández Roca
Co-Director del Congreso

Cando xa estaban moi adiantados os preparativos deste Congreso, faleceu en Salamanca Gonzalo Torrente Ballester. Aínda que todos coñecíamos o seu delicado estado de saúde había meses, ata o final tivemos a ilusión de contar coa súa presenza en Ferrol outra vez. Non puido ser. Así, contra as nosas contas e desexos, esta ía ser a primeira homenaxe ao escritor logo do seu pasamento. Nas librerías aparecía *Doménica* fermosamente editada.

Na rolda de prensa de presentación preguntóusenos aos organizadores se tentabamos facer balance da obra torrentiana. Xa que logo, era prematuro. No desenvolvemento das sesións comprobamos que a presenza de don Gonzalo seguía a ser moi intensa entre nós, non só porque alí estaban Fernanda e familia, e mesmo algúns antigos alumnos ferroláns, senón porque moitos gardabamos memoria viva e recente do admirado novelista. O emotivo acto no cemiterio de Serantes case tivo o sentido dunha comprobación: afacérmonos á idea de que Torrente non estaba neste mundo.

Para o noso consolo, o autor permanecía nestoutro mundo das palabras en que se quixo transfigurar. Ningún outro xeito mellor de festexalo que achegármonos á súa obra como lectores e estudiosos. Uns e outros, a través dunha semana, xuntámonos na Facultade de Humanidades de Ferrol con degoiro de aprender: profesores de Ensino Secundario e Universidades, estudantes,

xoves licenciados, outros non tanto; resultou moi estimulante vérmonos a carón na aula magna tres xeracións de ferroláns e na tribuna mestres e investigadores das tres Universidades de Galicia. Por outra banda, víase dignamente representado o torrentismo francés e norteamericano, o mesmo que os galegos do exterior. No serán as actividades paralelas, abertas ao público, desenvolvéronse no Centro Cultural que leva o nome do escritor; a participación de xente do cinema espertou particular interese.

Deste xeito, a nosa homenaxe sumábase a unha longa lista. Serodio pero afervoadado foi o recoñecemento do noso autor. Romperon a maldición o Premio da Crítica e o Cidade de Barcelona en 1972; os premios máis importantes (Príncipe de Asturias, Cervantes) acumúlanse na década dos 80 e tamén os Doutoramentos honoris causa (Salamanca, Compostela, Dijon). Canto ás reunións científicas e actos culturais, cómpre lembrar aquí aqueles que se concretaron na edición dun volume; abre a serie a homenaxe de Salamanca, co gallo da xubilación, en 1980 (Caja de Ahorros de Salamanca, 1981); salientaremos a do Instituto Iberoamericano de Cooperación de Buenos Aires na súa Semana de autor, de 1988 (Cultura Hispánica, 1990); o encontro da Universidade de Vigo, dentro dos Cursos de verán, 1993 (Tambre, 1997); e a Exposición bibliográfica da Deputación de A Coruña (1990). Non perdamos de vista os monográficos de *Anthropos* (1986) e *Abril* (1996) nin volumes colectivos como o que editaron Janet Pérez e Stephen Miller (SSAS, 1989).

A cidade de Ferrol varias veces tivo a ben honrar a quen recoñecera como fillo predilecto en 1983: busto no Campus de Esteiro, inauguración do Centro Cultural co seu nome, etc. Sempre coa iniciativa municipal e o bó facer de Ponte Far.

Certo que a figura de Torrente Ballester xa ficou fixada na conciencia colectiva definitivamente como novelista, un dos meirandes do seu século e das letras españolas. Sen embargo, na súa biografía e traxectoria literaria, hai varios Torrentes sucesivos, todos eles interesantes por dobre concepto: como expresión dunha personalidade rexa e dinámica ante circunstancias nada favorábeis e como precursores ou prefiguradores do Torrente novelista xenial.

Así, aquel neno que por familia e ambiente semellaba predestinado á Mariña desbota tal profesión por cuestión de dioptrías. O adolescente con fame de lecturas e contos anunciaba un home de letras, o estudante oríenta-

se á Historia. En Oviedo ten sona de vangardista, pero chega a París cunha bolsa de doutoramento para facerse historiador. Coa guerra civil emerxe o escritor do círculo falanxista, que durante unha década se aventura no teatro, e o profesor de Gramática. Nos dez anos seguintes, o crítico teatral en medios oficiais e o ensinante de Historia. Co ostracismo, confírmase o novelista e o seu retorno aos institutos. Non recoñecido, marcha a América: máis novelas e exilio dourado. Co regreso chégalle o beneplácito da crítica; a popularidade, por mor das adaptacións televisivas e cinematográficas. En Salamanca, a xubilación, o aplauso xeral, os parabéns oficiais, a morte.

A crítica tén seguido, en xeral, camiño case inverso ao desta evolución do autor: o primeiro que interesou foron as grandes novelas (*Los gozos*, *Don Juan*, a chamada triloxía fantástica); máis adiante e en función destas, as primeiras novelas e a narrativa breve; recupérase a obra crítica e o teatro, asemade saen reseñas das derradeiras novelas; analízanse, en fin, a conexión co cine e a televisión e exhúmanse os guións cinematográficos.

En paralelo con esta revisión cronolóxica aparecen artigos, conferencias ou reflexións varias acerca dunha figura que nos parece, máis cada vez, poliédrica: sobre o home (pai, amigo, contertulio), sobre as súas cidades (Ferrol, A Coruña, Santiago, Oviedo, Madrid, Bueu, Valencia, París, Pontevedra, Albany, Salamanca); o conferenciante e o xornalista; o asinado profesor; o novelista adaptado e adaptábel; as lecturas... Sen falla das visións transversais: homo religiosus, alma galega, oralidade, humor, mitos. Cáseque todos estes puntos foron abordados nalgún momento do noso Congreso. Non é agora ocasión de resumos; estas páxinas falan por sí mesmas.

Por suposto, a novelística tén suscitado o maior interese. O paso da crítica das creacións alleas á teoría propia resultou axeitadamente salientado. Notemos con que pulo agroman os estudos sobre Torrente e o cine; aínda que a etapa de guionista foi breve, coido que do campo audiovisual van vir moitas sorpresas, sobre todo se os seus relatos seguen tentando aos cineastas. Por certo, o 5º Festival Internacional de Cine de Ourense estivo adicado ao noso escritor (actas publicadas por José Luis Castro de Paz e Julio Pérez Perucha, Ourense, 2000).

Moito falta por facermos. A penas temos comezado. Só as seis ou oito grandes novelas ofrecen unha canteira inesgotábel. O torrentismo medra

cada día. Un exemplo: cando Ponte Far me convidou a unha mesa redonda hai poucos anos (homenaxe de Fene a don Gonzalo), eu escollín falar sobre o teatro, o que daquela constituía case unha rareza; en 1996, no 7º Congreso de Semiótica de Zaragoza, nada menos que tres comunicacións aparecían centradas na análise dunha soa peza, *El retorno de Ulises*: unha de Estados Unidos, outra de Francia e outra de Galicia.

Somentes arredor das obras maiores hai que prever unha morea de estudos e enfoques; a parte do estrutural e narratolóxico, se cadra os máis frecuentados deica agora, o mitocrítico, o psicocrítico e o semiótico. Sabemos relativamente pouco das primeiras narracións; canto ás últimas, cómpre pasar das reseñas e primeiras lecturas ás análises máis detalladas e monografías. Tamén están os *Diarios de trabajo* e os *Cuadernos*, preciosa fonte de información. Xa sobrancean os traballos desde o eido audiovisual, pero moito máis cabe dicir sobre Torrente e as artes plásticas (non esquezamos a “axuda” de Goya para a realización de Castroforte) ou a música (porque a *saga* é aseme a *fuga*). Múltiples son, en fin, os vieiros que se insinúan: estatuto dos personaxes, espacios novelescos, a lingua co ferrolán como sustrato, fontes folclóricas, a escrita da memoria, ideoloxía alén dos tópicos, a herdanza torrentiana na narrativa actual...

Todo o dito implica irmos pensando nun segundo congreso e nunha continuidade. O agradecemento aos que fixeron posíbel o primeiro (Universidade, Concello, Ponte Far) alóngase en petición de novos esforzos. Á hora da publicación destas actas é de xustiza dar gracias ao Vicerrector do Campus de Ferrol, Prof. Recuero Astray; á Profra. Cerdán Villanueva e ao Servicio de Publicacións que ela dirixe; e ao Prof. Ponte Far, que mantén acesa en Ferrol a devoción por Torrente.

Quero rematar estas liñas cunha lembranza persoal de don Gonzalo, xa nos anos finais: logo dunha cea na Coruña, na sobremesa, evocamos a noite das Pepitas de Ferrol; o vello novelista, revivindo aquelas tradicionais serenatas, botouse a cantar. Así recordo ao home: cantando. Así debemos recordar ao escritor: contando. Como el dixo e quería, ofrecéndonos “un conxunto de palabras en el que estaré yo mismo, hecho palabra también”.